

As palabras poden ser:

Unívocas: sempre significan o mesmo. Ex: paramecio.

Análogas: non significan nin o mesmo nin distinto. Refírense a verdades que se diferencian en graos. Ex: vida, amor. Non se poden definir, hay que especificar o seu sentido.

Equívocas: significan totalmente distinto unhas veces ou outras. Ex: trompa.

FILOSOFÍA:

É unha palabra análoga. É o resultado da reflexión. Pode ser unha:

- Vivencia: maneira de afectarnos á nosa vida. Ex: traballo. Curiosidade, reflexión (preguntarnos cousas sobre a vida...)
- Actitude.

FILOSOFÍA COMO VIVENCIA:

Hai moitas definicións de filosofía. A de Aristóteles: É a ciencia de tódalas cousas polas causas últimas conseguida pola soa luz da razón

Explicación: Ciencia: serie de coñecementos sistemáticos, seguros, e por causas. Diferéncianse según o seu obxecto formal e material.

- Obxecto material: Aquelo de que trata a ciencia. É común a moitas. Ex: home.
- Obxecto formal: QUOD e QUO
 - ◊ QUOD: Punto de vista que lle interesa a unha ciencia. Ex: A ética trata dos deberes do home, mentres que a medicina tamén trata do home, pero das súas enfermidades.
 - ◊ QUO: A luz que utiliza para estudialo: razón ou fe.

Características da filosofía:

- É un saber radical (vai á raíz das cousas)
- É un saber crítico (revisionista)
- É individualista (nace de cada persoa)

Diferencias con outros saberes:

- Estudando as mesmas cousas, a filosofía interésase polas causas últimas, mentres que nas outras ciencias interesanse polas causas inmediatas.
- É un saber causado (interesase polo porqué das cousas)
- Utiliza a razón, non a fé.

Definición de filosofía:

Según José Ortega y Gasset: Buscándole sentido al todo, el sentido del todo, está fuera del todo

Según Beltrand Russell: A filosofía consiste en descubrir problemas novos e darlle respostas novas ós problemas vellos

Según René Descartes: Agradézolle ós monxes que contestaran a tódalas miñas preguntas, pero nunca lles perdoareis que non me ensinaran a preguntar

División da filosofía:

- Lóxica: Estudio ou disciplina propedeutica á filosofía. Estudia o funcionamento da intelixencia humana.
- Epistemoloxía: Crítica. Estudia o problema da verdade.
- Metafísica: Estudia ultrafísicos da física (mais alá da física) e divídese en:
 - ♦ Metafísica Xeral: o que teñen en común tódalas cousas.
 - ♦ Metafísica Especial: Estudia cousas concretas a nivel metafísico.
 - ◇ Cosmoloxía: Estudia o mundo a nivel metafísico.
 - ◇ Psicoloxía racional: Estudia si somos libres ou non.
 - ◇ Teoloxía natural: (Teodicea) Estudia a Dios desde el punto de vista del hombre.
- Antropoloxía: Estudio das actitudes humanas:
 - ♦ Socioloxía: Estudio da relación cós demais.
 - ♦ Ética: Estudio dos deberes.
 - ♦ Filosofía do dereito: Estudia a razón das leis (se son xustas ou non, etc.)
 - ♦ Filosofía da educación: Estudia el cómo, porqué, para qué, etc. de la educación.

FILOSOFÍA COMO ACTITUDE:

Actitude: Conxunto de actos ante un problema, que se repiten sempre.

Actitude filosófica (AF) ante ciencias filosofía:

Intuicionismo: Na realidade hai dous tipos de obxectos: físicos e espirituais. A filosofía cun método intuitivo estudiaría eses obxectos non físicos.

Antimetafisicismo: A realidade non ten máis que obxectos físicomateriais que sí se poden estudar dunha maneira experimental. Este método é utilizado polas ciencias.

Auténtica actitude filosófica (AAF): Tanto a ciencia como a filosofía son moi importantes. E non se diferencian polo obxecto que estudian, senon polo punto de vista QUO.

Filosofía e sentido común:

Idealismo racionalista: Non aceptan a realidade tal como aparece e buscan a realidade dunha forma racional.

Realismo ingenuo: Toma as cousas tal e como se presentan.

AAF: Temos que partir dunha aparencia pero como o home ten intelixencia ten tamén a obrigación de facer un estudio crítico de esas aparencias.

Filosofía e cultura:

Cultura: Todo o que fai o home como tal.

Misticismo conservador: Son aqueles que en nivel político reciben o nome de conservadores. Queren que non cambie nada.

Mesianismo revolucionario: Queren romper con todo o pasado por ser pasado e facer todo novo.

AAF: A teoría do neno: A cultura que te deron é o punto de partida, pódese cambiar de cultura pero sen olvidar a primeira: non todo o pasado é malo por ser pasado, e non todo o moderno é bó por ser moderno.

Filosofía e teoloxía:

Posición modernista: A única visión da realidade dana a filosofía e a ciencia.

Fideísmo: A única visión real do mundo a dan as relixións porque son palabras de Deus.

AAF: O home ten que coñece-lo mundo pola súa propia razón. Unha relixión non pode ir en contra de esa razón.

METODOLOXÍA:

Ciencia que trata dos camiños a seguir no mundo científico.

Clases de métodos:

- Didáctico: Camiño para transmitir unha ciencia (pedagogía)
- Eurístico: Camiño para facer unha ciencia.

METODOLOXÍA XERAL:

Estudia problemas comúns a tódalas ciencias.

Definición:

Frase curta que explica algo. Consta de:

Definiendum: O obxecto a definir.

Definiens: O que dis do obxecto (definición propiamente dita)

- Clases de definición:
- Nominal: Explica o nome.
- Etimolóxica: orixe filolóxica.
- Semántica: aclara o significado.
- Explicativa
- Constructiva.
- Sintáctica.
- Real: aclaración da realidade.
- Descriptiva: indica a súa estrutura ou distribución.

- Causal: A que define unha cousa atendendo ás súas causas.
 - Xenética: Atendendo á causa que a procediu.
 - Final: Atendendo á causa final ou ó destino.
- Metafísica: indica o xénero próximo e a diferenza específica.
 - ♦ Características dunha boa definición:
 1. Ten que ser clara: O definiens ten que ser máis claro que o definiendum.
 2. Non debe ser circular: O definiendum non pode entrar no definiens.
 3. Non pode ser demasiado extensa nin demasiado estreita: A definición debe valer para todo o definido, e só para o definido.

Inducción:

É un proceso lóxico que parte duns feitos concretos e conclúe nua lei xeral.

- ♦ Clases de inducción:
- ♦ Completa: Examina tódolos casos posibles.
- ♦ Incompleta: Non examina tódolos casos posibles. (Inducción científica)

¿Qué grao de seguridade da unha lei atopada por inducción científica? Non da certeza só xenera probabilidade.

¿De qué depende o grao de probabilidade? Depende da diversidade dos casos estudados.

¿Cando e por qué unha inducción incompleta é verdadeira ou científica? Pasa a ser científica cando depende da natureza das cousas ou doutra lei científica.

Deducción:

É un proceso lóxico que partindo de leis universais conclúe en casos particulares (é a complementaria da inducción).

Inducción matemática: É unha deducción. É aquela lei que dí: se un número cumpre unha característica, e $n+1$ tamén a cumpre, a cumpren tódolos números.

METODOLOXÍA ESPECIAL:

1. Método matemático:

É aquel que parte dun postulado e deduce tódolos demais leis ou teoremas dese postulado. A matemática busca coherencia, non verdade.

Teorías do orixe das matemáticas:

- ♦ Orixe empírico (experimental): Naceron da experiencia agrícola.
- ♦ Orixe formalista: Naceron das ideas. Nacen do pensamento.
- ♦ Orixe operacional: Naceron ó intentar facer operacións con números.

2. Método empírico:

Autênticos autores: Galileo e Newton